

DOCUMENTO TÉCNICO:

“Os días D e as semanas S”

(proxecto baseado en
filosofía REA e DUA)



Autor: Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)

**Mestre en Educación Primaria e licenciado en Filosofía e Ciencias da
Educación pola UNED**

CEIP O PIÑEIRIÑO (Vilagarcía de Arousa)

“Os días D e as semanas S” son unha serie de secuencias didácticas en contorna web.

Están maquetados coa ferramenta de autor libre Exelearning e están formado por diferentes ODES independentes agrupados en **9 apartados**:



- **0.- Folla de ruta** (feita en Genially dende unha conta educativa, exportada en html5 e integrada no exelearning).
- **1.- Caderno de traballo:** (maquetado en edilim na versión 5.64, exportada en formato html5 e integrado en exelearning como nova ventana).
- **2.- Glosario:** (creado no propio exelearning utilizando o efecto FX tipo “Liña do tempo”).

- **3.- Proposta de actividades colaborativas ou cooperativas:** non necesariamente dixitais (no propio exelearning e acompañado dunha rúbrica maquetada en Genially e exportada como imaxe).
- **4.- Webquest ou Miniquest** sobre a conmemoración (creado en exelearning cos efectos FX, neste caso concreto usei o tipo “Lapelas”).
- **5.- Ampliación:** propostas de traballo con **dispositivos móbiles** ou emprego de técnicas de **metodoloxías emerxentes** (no propio exelearning).
- **6.- Recopilación e clasificación doutros materiais dixitais con licenza libre para traballar esta conmemoración** dando especial atención aos publicados no repositorio de contidos do espazo Abalar (creado no propio exelearning cun efecto FX, neste caso usei o tipo “Carrusel”).
- **7.- Avaliación da secuencia didáctica: Incluirá criterios de avaliación, instrumentos e rúbricas creadas ad hoc.** (as rúbricas están creadas con Genially ou están feitas sobre táboas).
- **8.- Documentos:** Integrei na secuencia os documentos pedidos: a guía didáctica, o manual de uso, os documentos técnicos en galego e castelán e un documento referenciando toda a multimedia empregada

(creados na páxina final da secuencia en exelearning co efecto FX tipo “Liña de tempo”).

As secuencias que forman parte de este proxecto fan referencia a conmemoracións que se sinalan como obrigatorias no calendario escolar. Todas elas teñen una estrutura común xa sinalada anteriormente así como material adicional complementario creado ad hoc como son xogos feitos co Brincalettras, Genially, propostas con APPs educativas, Escape Game... e por último propostas didácticas para traballar a temática mediante metodoloxías activas de aprendizaxe.

Todo o material creado é en soporte web e cumpre o peso nunca superará os 100 megas. A multimedia axustarase á licenza final dos produtos (licenza **creative commons** coas restricións de sinalar a autoría **(by)**, non permitir un uso comercial **(nc)** e compartir coa mesma licenza **(sa)**). Incluímos, polo tanto, un documento no que sinalo a autoría e licenza da multimedia empregada (algunhas das imaxes, e os sons serán de autoría propia). Nas imaxes que inclúo no propio contenedor exelearning van igualmente referenciadas nos propios pés de foto.

Este material poderá utilizarse en local, ou tras exportalo en scorm 1.2 visualizalo no repositorio de contidos do espazoAbalar ou integrándoo na aula virtual do centro, nun blog, na web do centro mediante o CMS Drupal.... Para poder visualízalo tan só necesitaremos dispoñer dun navegador web, pois **a maior parte dos contidos serán creados en HTML5, Javascript, follas de estilo CSS ou HTML** . Non haberá recursos en tecnoloxías obsoletas como flash ou java.

Ferramentas utilizadas

Para a creación dos ODE:

- Usei a ferramenta de autor Edilim na versión 5.64. A versión máis recente neste momento no que se corríxen erros de versións anteriores.
- Os textos adaptados con pictogramas están creados con **AraWord** (de AraSuite) e tamén usei **Adapro** (un editor de texto adaptado gratuito creado por ITER S.A). Ambos empregan pictogramas gratuitos para uso educativo de Arasaac creados por *Sergio Palao* que teñen a mesma licenza que o produto final das nosas secuencias CC (By-nc-sa).
- Os sons foron editados co programa de software libre **Audacity**.
- As imaxes editadas con **GIMP**.

Para a creación da secuencia didáctica:

- Usei a ferramenta de autor libre **Exelearning** na última versión do momento (a 2.6). Escollín o estilo “Platega” realizado polo CAFI.
- Para o material adicional complementario integrado na secuencia usei:
 - o A ferramenta de autor “**Brincalettras**” (en código javascript e follas de estilo css) para crear xogos de preguntas tipo “Pasapalabra”.
 - o **Genially** para crear xogos tipo **Escape ou Trivial**. Teño acceso a un Plan Edu que me permite exportar o xogo como arquivo físico e non como ligazón. Tamén usarei Genially para xerar as **rúbricas** de avaliación en cada una das secuencias. Axudareime para estas rúbricas da ferramenta web **Rubistar**.
 - o **APPs educativas**: Toontastic, HP Reveal...

Para o empaquetado scorm e catalogación dos ODEs:

- Tanto o edilim como exelearning permiten o empaquetado scorm cos ODEs creados (estándar recomendado na convocatoria de licenzass por formación) polo cal non precisarei de ferramentas adicionais.
- A catalogación segundo as especificacións LOM-ES está realizado no propio editor de exelearning.

Requisitos técnicos:

Está testado nos principais navegadores de internet:

- Mozilla Firefox (recomendado)
- Internet Explorer
- Google Chrome.
- Safari Opera

Plugins requeridos:

Non temos que instalar ningún plugin adicional para ver os contidos de esta secuencia didáctica.

Sí debemos ter instalado un visualizador de pdfs, recomendamos o **Acrobat Reader DC**: <https://get.adobe.com/es/reader/> para ver a documentación (guía didáctica, manual de uso, documento técnico, multimedia referenciada...).

Se queremos podemos **visualizar os contidos dende local** executando o arquivo index.html

Visualización dende dispositivos móbiles:

A plantilla de Exelearning utilizada é adaptativa e non da problemas.

Tamén se pode ver perfectamente o contido en html5 do caderno de traballo feito en Edilim.

Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)